

## MONOGRAFÍA

A revista *Amastra-N-Gallar*, editada en terras lalinenses por Emilio Araúxo, dedica o seu número 5 ó poeta alemán Paul Celan -“o exiliado, o escuro, o ferido por excelencia”, en palabras de Vivian Liska-, a voz que representa a transcendencia e o compromiso levados ó límite e sempre no inestable equilibrio entre a ruptura coa tradición, o desencanto histórico do nazismo e as teorías filosóficas do momento. Alain Badiou, Cesáreo Carballido, Marc Petit ou Sigrid Weigel son algúns dos colaboradores deste monográfico e aportan a súa visión sobre distintos aspectos dese magma de “densidade sobrehumana” que foron, segundo Michel Deguy, a vida e a obra de Celan.

Tempos Novos, 81, febreiro 2004, p. 73